

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000027.

Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D^a. MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión extraordinaria e urxente da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS hoxe día **16 de xuño de 2026, ás 11:30**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.
2. PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE MODIFICACIÓN DA BASE 24.E DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2026 NA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Xustifícase o carácter extraordinaria e urxente da sesión na necesidade perentoria de tratar o asunto que figura na orde do día.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2551200668894565132.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 16-6-2026

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.